



BOAS PRÁCTICAS

Normativa e principios para as federacións,
ligas e deportistas españois



LALIGA



Consejo
Superior de
Deportes

OBXECTIVO / DESTINATARIOS

A integridade e as boas prácticas no deporte deben considerarse un elemento imprescindible á hora de definir un deportista honrado e leal aos principios básicos e elementais de toda actividade física de competición. O amaño, a predeterminación de resultados ou a propia corrupción deportiva, sexa cal sexa a súa orixe, non fan senón afastar ese individuo do que se entende comunmente por xogo limpo, quedando por iso fóra das regras de xogo. O obxectivo desta guía non é outro que servir de ferramenta para todos aqueles deportistas que, seguindo as regras e recomendacións aquí contidas, pretenden desenvolver as súas carreiras deportivas e persoais dentro da integridade e honorabilidade. Do mesmo modo, o cumprimento de todas estas normas e recomendacións non fan senón reforzar a protección que LALIGA pretende outorgarlle á competición, e polo tanto a todos os que nela participan.

Protexer os futbolistas, adestradores e, en xeral, a todas as persoas que traballan por e para o fútbol que é un dos obxectivos prioritarios de LALIGA, en prol de conseguir unha competición íntegra en todos os seus aspectos.

/ NORMAS EN RELACIÓN ÁS APOSTAS DE ENTRETENEN- TO-OCIO

Segundo a regulación actual sobre o xogo en España, ti non podes facer apostas sobre o teu equipo, nin sobre os equipos que participan na túa competición, aínda que non xoguen contra ti. Non xogues, non cha xogues! O xogo en España é unha actividade regulada. É a Lei do Xogo (13/2011, do 27 de maio) a encargada de establecer os criterios e condicións de acceso ás apostas, así como as súas características e limitacións. Esta Lei contén unha disposición normativa específica para os deportistas no seu artigo 6, no cal se establece a prohibición de realizar apostas para os deportistas, adestradores, directivos ou outros participantes directos no acontecemento ou actividade deportiva sobre a que se realiza a aposta.

É dicir, un deportista non pode realizar apostas de ningún tipo nos seus propios partidos, nin tampouco naqueles outros que pertencen á súa competición.

As sancións administrativas por realizar apostas poden chegar ata os cen mil euros. No que respecta ao fútbol, a normativa deportiva disciplinaria da Real Federación Española de Fútbol contén a prohibición de realizar apostas que teñan relación directa ou indirecta co partido en cuestión, como infracción moi grave, establecendo sancións que poden chegar mesmo á privación da licenza deportiva con carácter definitivo. Lembra, co xogo non se xoga.



/ NORMAS RELATIVAS Á PREDETERMINACIÓN, AMAÑO DE PARTIDOS OU ALTERACIÓN DE ELEMENTOS DESTE

Hoxe en día existen múltiples fórmulas para detectar se un partido puido manipularse debido, entre outros elementos, á alteración irregular das cotas, o que pode concluír en denuncias ante os órganos competentes en materia deportiva, ou directamente penal. Non cha xogues. Predeterminar de antemán o resultado dun partido, ou de calquera elemento ou lance deste, atenta contra un dos principios máis básicos do deporte: a incerteza do resultado en calquera das fases do xogo. Co quebrantamento desa máxima altermase todo o sistema no que debe basearse unha competición limpa e honesta. O amaño, predeterminación ou alteración dos resultados dun partido, así como dalgún elemento deste, é DELITO. Dende 2015 o Código Penal recolle o delito de corrupción entre particulares (artigo 286 bis) e establece penas de prisión de ata 4 anos para os que logren ou simplemente tenten amañar ou alterar o resultado dun partido ou dalgún elemento deste. O mero feito de ofrecerlle, prometerlle ou concederlle unha vantaxe de calquera tipo ao contrario nunha competición deportiva é un delito. Ademais destas consecuencias penais, existen consecuencias deportivas para a túa carreira ou directamente poñen fin a ela. As regulacións deportivas en materia disciplinaria recollen inhabilitacións de ata 5 anos para os infractores nesta materia, o que supón acabar coa túa traxectoria deportiva. Dende LALIGA trabállase firmemente no control, prevención, investigación e denuncia destas condutas, o que, unido aos avances tecnolóxicos na detección da fraude nas apostas, supoñen ferramentas moi valiosas para a loita contra este mal. LALIGA conta cun sistema propio de detección de amaños chamado TYCHE que xunto co labor dos Oficiais de integridade nos permite monitorizar, analizar e rastrexar apostas realizadas nas nosas competicións dende calquera lugar do mundo.

Do mesmo modo, o uso de información interna, privilexiada ou confidencial está totalmente prohibido, cando se utiliza con fins distintos aos autorizados. Esta información interna é aquela que teñen os deportistas polo mero feito de pertencer a un club ou equipo, e que lles podería permitir nalgún caso obter algún tipo de vantaxe fronte a terceiros á hora de realizar algunha aposta. Se tes información interna e confidencial non a uses para apostar nin para facilitarlle a un terceiro; o uso indebido desta información pódete xogar unha mala pasada.



Os nosos analistas poden detectar movementos sospeitosos en calquera competición sexa a categoría que sexa, e denunciar ante as autoridades competentes as devanditas condutas como presuntos delitos. Non te arrisques a verte envolto nunha investigación policial con consecuencias penais de cárcere e privacións de licenza deportiva de por vida.



/ NORMAS RELATIVAS ÁS PRIMAS POR GANAR OU INCENTIVOS EXTRADEPORTIVOS

As primas por ganar, tamén coñecidas como primas a terceiros, supoñen unha alteración da competición, atentando contra a integridade e limpeza desta. A pesar de que poidan parecer menos graves que as primas por perder, e contrariamente ás teses que defenden a súa ética e legalidade, as primas a terceiros están tallantemente prohibidas, e polo tanto investigadas e perseguidas por parte das organizacións deportivas e mesmo xudiciais. De feito, a sentenza de abril 2020 no denominado “caso Osasuna” da Audiencia Provincial de Navarra é a primeira ditada en España que condena polo delito de corrupción deportiva. É dicir, xa hai unha sentenza que establece que as primas por ganar son un delito no noso país, o que significa que tamén se atopan dentro do tipo de corrupción deportiva tipificado polo art.º 286 Bis. 4 do Código Penal, penado con ata 4 anos de prisión e penas de multa de ata o triplo do beneficio ou a vantaxe. Amañar polo tanto é tamén aceptar unha prima por ganar.

Tamén o artigo 82 do Código Disciplinario da Real Federación Española de Fútbol establece como unha infracción grave tanto a promesa, ofrecemento, entrega ou recepción dalgunha compensación a un terceiro como estímulo para lograr un resultado positivo que puidese beneficiar o pagador.

A FIFA pola súa banda sinala que aquelas actividades que directa ou indirectamente, por acción ou omisión, inflúan de forma lícita ou manipulen o curso dun partido ou competición, o seu resultado ou calquera outro aspecto destes, serán sancionadas con polo menos cinco anos de prohibición de exercer actividades relacionadas co fútbol, así como cunha multa mínima de 100 000 CHF. Nos casos graves, o período de vixencia da devandita prohibición será máis longo ou mesmo vitalicio.

/ USO DE REDES SOCIAIS

Sé consciente de que as túas manifestacións nas redes sociais teñen un grande impacto e alcance. Son sen dúbida unha ferramenta básica para o contacto cos teus seguidores, pero un mal uso destas redes pode xogarche unha mala pasada, fai un uso correcto delas. Nun mundo globalizado, onde millóns de persoas teñen hoxe en día acceso ás redes sociais, a cautela e a moderación por parte dos deportistas no uso destas faise indispensable para evitar conflitos non desexados polo deportista. Numerosos son os casos nos que un deportista se viu envolto en problemas polo mal uso das redes sociais, podendo chegar mesmo a que o denunciasen por este feito.

Cada persoa é responsable do que publica nas súas redes, xa sexa unha mensaxe propia ou un reenvío de calquera comentario ou imaxe publicada por outra persoa. Evita calquera comentario que utilice unha linguaxe discriminatoria ou que poida incitar á violencia, así como aqueles que teñan algún contido político, relixioso ou mesmo aqueles que xulgan o desempeño de árbitros ou outros compañeiros ou adestradores.

**USA A CABEZA,
USA BEN AS REDES SOCIAIS.**



/ DISCRIMINACIÓN - RACISMO

Dende LALIGA trabállase dende hai anos nunha máxima: Tolerancia Cero con calquera tipo de discriminación, xa sexa por raza, nacionalidade, relixión, lingua, sexualidade ou discapacidade.

Calquera comportamento que atente contra os valores de igualdade que deben imperar no deporte expónse a que o denuncien ante os organismos deportivos ou xurídicos competentes, comprometendo do mesmo modo o teu futuro como deportista.

En relación a este aspecto, convídase a todos os deportistas e xente relacionada co deporte a denunciar aquelas condutas que promovan a discriminación, sexa verbal, física, ou mesmo a través de comentarios en redes sociais, coa intención de poñer fin e poder depurar responsabilidades dos autores. Na canle de denuncia integridad@laliga.es

poderás facernos chegar os comentarios / denuncias que consideres convenientes garantindo a confidencialidade destes. LALIGA fomenta o valor social do deporte, a inclusión de todos neste e a igualdade no seu acceso, práctica e gozo.

NO DEPORTE NON CABEN OS COMPORTAMENTOS INTOLERANTES OU DISCRIMINATORIOS. SE SOFRES UN CASO DE DISCRIMINACIÓN OU INTOLERANCIA,

DENÚNCIAO.



/ CANLE DE DENUNCIA

LALIGA pon á túa disposición unha nova canle de denuncia, denominada Canle Integridade, aloxada na páxina web de LALIGA www.laliga.com/transparencia/guias-manuales, para que poidas poñerte en contacto con profesionais da Dirección de Integridade e Seguridade de LALIGA e poñer no seu coñecemento calquera información relevante en relación á predeterminación de resultados, amaños, apostas ou outras causas delituosas.

Dende LALIGA garátesese a total confidencialidade da información, así como unha resposta rápida e eficaz aos teus comentarios ou denuncias. Non cho penses, se coñeces de primeira man algunha información relevante ou escoitaches algo, cóntao.

Evita tamén verte envolto en investigacións por feitos delituosos realizados por compañeiros do teu equipo.

NON SEXAS CÓMPlice, NON CALES.

DENUNCIA.

integridad@laliga.es





LALIGA

A FORZA DO NOSO FÚTBOL